



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 20 DE SETEMBRO DO ANO 2012

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as catorce horas e trinta minutos do día vinte de setembro do ano dous mil doce, e co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar do único asunto do orde do día incluído na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros, D. José Juan Cores Chaves, D^a Candelaria Martínez Eiras, D^a María Isabel Varela Piñeiro, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D^a Mónica Brea Troncoso, D. Rodrigo Rey Vázquez, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D. Eulogio Pomares Botana, D. Ricardo Quintáns Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D. Xaquín Charlín González e D^a Fátima Abal Roma. Atópase presente na sesión plenaria, a viúva de D. Rafael Blanco Guerreiro.

Non asisten D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D^a María Josefa Cacabelos Dominguez e D. Lucas Vieites Fariña.

Actúa como Secretaria, a Funcionaria D^a Mar Mondragón Treviño, en ausencia do Titular da Corporación D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.

UNICO.- DECRETO LOITO OFICIAL POLO PASAMENTO DO CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN D. RAFAEL BLANCO GUERREIRO.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para desculpar aos Concelleiros ausentes e Secretario da Corporación ó non poder asistir á esta sesión, por motivos de traballo.

Seguidamente dá lectura o seguinte:

“... Estimados compañeiros e veciños: Este é sen dúbida, o pleno da Corporación Municipal de Cambados máis triste e de máis dor, celebrado neste Concello dende hai décadas.= Un pleno “extraordinario” porque efectivamente non pode ser ordinario que un Concelleiro, un compañeiro de 45 anos, nos deixe nestas circunstancias.= Porque a Rafael nolo arrebatou unha enfermidade nun espazo de tempo moi curto e, aínda neste momento todos estamos incrédulos, non o entendemos e queremos berrar que non hai dereito.= Pero agora, non nos queda máis que a resignación e lembrar os mellores momentos con este compañeiro e que vós, os seus compañeiros máis directos vivíchedes ao seu carón, e coñecendo como era Rafael seguro que foron moitos, porque el era una persoa optimista, xenerosa e amigo dos seus amigos, como vós mesmos o describides.= Por iso, todos os presentes queremos expresarvos ao grupo político do PS- de G PSOE da Comarca e, en especial aos compañeiros de Cambados, o noso máis sentido pésame.= Rafael Blanco durante os anos que ocupou o cargo de concelleiro nesta institución, amosou sempre un carácter educado, tolerante e unha grande predisposición ao diálogo. Unhas virtudes que lle facilitaron ter unha excelente relación persoal con tódolos membros desta Corporación Municipal por riba das diferenzas ideolóxicas. Ademais, dende o primeiro momento que chegou a Cambados, involucrouse coa



**Ilmo Concello de
CAMBADOS**
(Pontevedra)

sociedade cambadesa, no trato cos veciños e participando en diferentes asociacións e actividades deste Concello, deixando un grato recordo en todas elas.= E quero deixar para o final, a nosa maior consideración para toda a súa familia e, en especial para a súa muller e a súa filla, queremos que neste duro trance que están a vivir, saiban que teñen todo o apoio desta Corporación, que se sinte orgullosa de ter compartido a experiencia de traballar con Rafael en defensa dos intereses de tódolos Cambadeses.= Somos precisamente nós, os que participamos na actividade política os que debemos dignificar esta labor. Por elo, queremos homenaxear con sinxeleza e humildade a este representante do pobo, entendendo que é xustiza decretar dous días de loito oficial en Cambados, en memoria de Rafael Blanco Guerreiro.

Rematada a lectura, pola Presidencia cédeselle a palabra o Portavoz do Grupo do BNG, D. Víctor Caamaño Rivas que emocionado renuncia a ela.

A continuación intervén a Concelleira do P.S. de G-PSOE, D^a Fátima Abal Roma, que da grazas a Corporación por este recoñecemento. Manifesta que o Concelleiro, D. Rafael Blanco Guerreiro era unha persoa de bo corazón e que para non ser orixinario deste pobo de Cambados involucrouse en distintos ámbitos da súa vida. Remata dicindo que o sinte moito pola súa familia, expresándolle a súa condolencia.

Seguidamente, toma a palabra novamente o Sr. Presidente para solicitar un minuto de silencio.

A Corporación, por unanimidade, acorda declarar dous días de loito polo pasamento do concelleiro, D. Rafael Blanco Guerreiro.

E non tendo máis asuntos de qué tratar, levantou a sesión, sendo as catorce horas e trinta e seis minutos, estendéndose a presente acta que asina o Sr. Presidente, de todo o que, eu, Secretaria accidental, certifico.-

O ALCALDE,

A SECRETARIA Acc.

